

PRESENTACIÓN

Propoñemos un programa multidisciplinar cun enfoque pedagóxico e divertido, que fomenta valores como a creatividade, a cooperación ou o respecto. O inglés continuará de forma integrada nas actividades, adaptado á idade e á temática quincenal, promovendo a aprendizaxe natural e significativa do idioma.

OBXECTIVOS

- Conciliar a vida familiar e laboral.
- Ofrecer alternativas de lecer educativo.
- Estimular a creatividade e as habilidades psicomotoras.
- Fomentar valores de convivencia e habilidades sociais.
- Promover o inglés dun xeito lúdico e dinámico.

DESTINATARIOS

Escolares de Educación Infantil e Primaria matriculados nos CEIPs do Concello da Coruña no curso 2025/26

CAMPACOLE

VERÁN 2026

DO 22 DE XUÑO AO 31 DE JULIO

- **QUENDA 1** do 22 de xuño ao 3 de xullo
- **QUENDA 2** do 6 ao 17 de xullo
- **QUENDA 3** do 20 de xullo ao 31 xullo

Días sen actividade: 24 de xuño

PRAZOS

- **PREINSCRICIÓN** 4, 5, 6, 7 de maio
- **PUBLICACIÓN DE PREINSCRITAS/OS** 15 de maio
- **RECLAMACIÓNS E SUBSANACIÓNS DE ERROS** 18 e 19 de maio
- **PUBLICACIÓN DE ADMITIDOS** 20 maio
- **SORTEO DAS PRAZAS** 21 de maio ás 10.00 h.
- **PUBLICACIÓN DE ADMITIDOS** 1 de xuño
- **PAGO DE COTAS** Do 2, 3, 4, 5 de Xuño
- **XESTIÓN DA LISTAXE DE AGARDA** a partires do 10 de xuño

INSCRICIÓN E PAGO

NA APP DE FAMILIAS

<https://app.fedapascoruna.org/login>

ABONO DA COTA NA CONTA BANCARIA

ES37 2100 6359 5802 0006 1816



Achega o xustificante de pago na APP de familias - Solicitudes realizadas

COTAS

POR PARTICIPANTE E QUENDA

- **CAMPACOLE** 40€ (*)
- **MADRUGADORES** sen almorzo 20€ con almorzo 36€
- **COMEDOR** 60 €
- **SEGURO ACCIDENTES** 5 €(**)

*As familias con beca de comedor no curso 25/26: 50% de desconto (non aplicable a madrugadores nin comedor)

**Exención do seguro de accidentes para participantes nalgún programa da Federación de ANPAS no curso 25/26

PRAZAS

NÚMERO DE PRAZAS

45 prazas por quenda e sede

NÚMERO DE SEDES

8 sedes

RATIO MÍNIMA

15 escolares por sede
10 escolares para madrugadores e comedor

HORARIOS

CAMPACOLE

DE 10:00H. A 14:00H

MADRUGADORES

DE 8:30H. A 10:00H

COMEDOR


DE 14:00H. ATA AS 15:30H.



Concello da Coruña

CAMPACOLES

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN



1. REQUISITOS DE ACCESO

- Estar matriculado/a nun Centro público de educación de infantil e primaria do Concello da Coruña no curso 2025/26, nados entre o 1/1/2014 e o 31/12/2022.
- Non serán admitidos aqueles escolares que non estean ao corrente do pago nos distintos programas xestionados pola Federación de ANPAs. no curso 2025/26

2. OFERTA DE PRAZAS

- Ofertaranse 45 prazas por sede e quenda, terán preferencia de ata nun 33% de ditas prazas os escolares matriculados no centro sede por quenda.
- A ratio mínima para a realización do campacole será de 15 escolares e 10 escolares nos servizos de madrugadores e comedor por sede.

3. SOLICITUDE E ADXUDICACIÓN

- Poderase solicitar ata 3 quendas. O solicitante deberá indicar a súa orde de preferencia de cada quenda (1, 2 ou 3).
- Non se permitirá facer a preinscrición para o mesmo escolar na mesma quenda en distintas sedes. De facelo, todas as solicitudes quedarán anuladas automaticamente.
- A cada solicitante asignaráselle un número no momento da inscrición. Os números asignados serán correlativos. No caso de irmáns tomarase como referencia para todos eles o número de adxudicación do que se inscriba en primeiro lugar.
- En data 21 de maio, ás 10:00 horas realizarásese un sorteo público na sede da Federación Provincial de ANPAs para escoller o número agraciado.
- A adxudicación de prazas é nominativa farase empezando polo número agraciado e seguirase cos números inmediatamente correlativos. De chegar ao final do listado numérico sen esgotar as prazas dispoñibles, continuarase polo primeiro número inscrito.
- Ademais do número, para a adxudicación terásese en conta a orde de preferencia da quenda solicitada e as prazas dispoñibles na mesma.

4. PAGOS E RENUNCIAS

- Os escolares con praza adxudicada deberán abonar as cotas correspondentes na conta bancaria **ES37 2100 6359 5802 0006 1816** e dentro do prazo establecido (2, 3, 4 e 5 de xuño), así como achegar o xustificante de pago no espazo correspondente da **APP de familias**.
- Será causa de perda da praza a falta de pago no prazo establecido. Neste caso a praza vacante adxudicarase ao número que corresponda da listaxe de agarda.
- As devolucións das cotas de campamento e madrugadores (sen almorzo) só procederán nos seguintes casos:
 - Non alcanzar o mínimo para formar grupo.
 - Renuncia por causa de forza maior xustificada antes do inicio da actividade (enfermidade, lesión).
- As devolucións das cotas dos servizos de almorzo (en madrugadores) e comedor só procederán nos seguintes casos:
 - Non alcanzar o mínimo para formar grupo.
 - No caso de baixa dalgún dos servizos comunicada antes do mércores anterior ao inicio da quenda solicitada.

5. BONIFICACIÓN E EXENCIÓN

- Os beneficiarios de beca comedor no curso 2025/26 deberán indicar o código de asento na preinscrición para ter dereito ao desconto, aboando o 50% da cota do campacole (de 10 a 14 h). Este desconto **NON** se aplicará aos servizos de madrugadores ou comedor.
- Estarán exentos do pago do seguro de accidentes aqueles solicitantes matriculados nalgún dos programas da Federación de ANPAs no curso 2025/26 ("Cóxeas", "Deporte no Centro", "Arte e Cultura no Centro" ou "Idiomas no Centro").

6. NECESIDADES ESPECÍFICAS E NORMAS DE CONVIVENCIA

- Aquel alumnado que precise apoio específico deberá indicalo na preinscrición.
- Os escolares deberán cumprir coas normas de convivencia do centro ou análogas, e manter unha actitude respectuosa en todas as actividades. O incumprimento activará o protocolo disciplinario que corresponda.